



## 3º Certame de relato curto en lectura fácil

Prazo de presentación aberto ata o 17 de abril!



Co obxectivo de visibilizar o talento das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e de promover a lectura e escritura, FADEMGA Plena inclusión Galicia convoca o **Terceiro certame de relato curto en lectura fácil**.

No **Terceiro certame de relato curto en lectura fácil** contamos coas seguintes categorías:

**CATEGORÍA A:** relatos individuais.

**CATEGORÍA B:** relatos grupais.

No **Terceiro certame de relato curto en lectura fácil** poderán participar:

Persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento que así o desexen.

As persoas poderán ser de entidades federadas ou non.

As persoas poderán contar co apoio dun profesional, familiar, voluntario, etc.

### Normas do certame

- O tema do relato xirará en torno á lectura.
- O relato deberá ter unha extensión mínima de 4 follas e máxima de 12 (a dobre cara).
- O relato deberá estar escrito en galego e a ordenador.
- O relato deberá cumprir as normas de lectura fácil.
- Todos os relatos terán que ter un título e estar asinados cun pseudónimo.
- Os relatos deberán ser orixinais e inéditos (non ter sido presentados nin premiados noutro certame).
- As persoas participantes cederán os dereitos dos relatos así como da súa difusión en exclusiva a FADEMGA Plena inclusión Galicia.

## **Os relatos terán que presentarse da seguinte forma:**

Dentro dun sobre meterase o relato orixinal, asinado co pseudónimo e a categoría (A ou B).

Dentro dese sobre, terá que meterse outro sobre no que figurarán o nome e apelidos do autor ou autores, entidade a que pertence e un teléfono de contacto.

Este segundo sobre só se abrirá unha vez seleccionados os relatos gañadores.

Os relatos presentados ao certame, deberán enviarse a seguinte dirección e co seguinte asunto:

**FADEMGGA Plena inclusión Galicia**  
**"Terceiro Certame de relato curto"**  
**Vía Pasteur, nº 53-B. Polígono do Tambre**  
**Santiago de Compostela, 15890 (A Coruña)**

## **Ata cando se poden presentar os relatos?**

O prazo para enviar os relatos estará aberto ata o luns 17 de abril de 2023.

## **Quen será o xurado?**

O xurado estará formado por persoas da xunta directiva e profesionais da federación.

O fallo darase a coñecer o 23 de abril de 2023 a través da nosa web e redes sociais. Escolleuse este día por ser o Día do Libro.

Haberá un relato gañador por categoría e o premio será enviado á entidade.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar deserto o concurso, no caso de que os relatos non cumpran as bases do mesmo.

Tamén se poderá declarar deserta unha categoría se non hai polo menos 3 relatos presentados nela.